ACTIVIDADE 1

"Ademáis, se non é posible atopar en cada home unha esencia universal que constitúa a natureza humana, existe, sen embargo, unha universalidade humana de condición. Non é un azar que os pensadores da actualidade falen máis doadamente da condición do home que da súa naturaza. Por condición entenden, con máis ou menos claridade, o conxunto dos límites a priori que bosquexan a súa situación fundamental no universo. As situacións históricas varían: o home pode nacer escravo nunca sociedade pagá, ou señor feudal, ou proletario. O que non varía é a necesidade para el de estar no mundo, de estar alí no traballo, de estar alí no medio dos outros e de ser alí mortal"
SARTRE, J.P. ; *O existencialismo é un humanismo*

1. Cal é a idea fundamental do texto?
2. Que se entende por condición humana?
3. Por que considera Sastre que non hai unha natureza humana?

ACTIVIDADE 2:

Temos un corpo ou somos un corpo? Diferencia o tipo de resposta que a esta pregunta darían os defensores das teses monistas e os que defenden unha posición dualistas dualista con respecto ao tema da relación mente-cerebro. Resume despois as posicións actuais máis significativas con respecto ao problema.

ACTIVIDADE 3:

Aínda que por costume teñan sido consideradas como produtos incidentais dos estados fisiolóxicos (aproximadamente análogas aos queixidos de dolor), algúns investigadores suxiren que a linguaxe dos primates mostra evidencias de formación de conceptos, de sintaxe e aínda de semántica nun sentido amplio. Estas poden ser informacións acerca de acontecementos inmediatos, como por exemplo as chamadas de alarma dos monos verdes que advirten aos seus compañeiros da presenza dun depredador especifico e, con elo, seleccionar a

conduta de escape apropiada (Cheney y Seyfarth, 1990). Noutros casos, as sinais dos animais identifican cousas que non forman parte do entorno inmediato, pero que deben ser recordadas ou anticipadas. Por exemplo, a oscilante danza das abellas indica a dirección, distancia e factibilidade das fontes de alimento, situados temporal e espacialmente lonxe do sitio onde a comunicación ten lugar (Matthews y Matthews, 1978). Griffin (1991) considera que cando os animais fan esforzos exhaustivos e mutuamente axustados para comunicarse con outros, ben poderían estar reportando pensamentos conscientes simples e tamén sentementos emocionais (…) É dicir, aínda que non se compara cos notables alcances da linguaxe humana, a comunicación animal é completamente suficiente para comunicar pensamentos sinxelos. Neste sentido Griffin propón que as sinais comunicativas dos animais proven datos obxectivos para o análise científico. Por tal motivo tense proposto que a interpretación crítica da comunicación animal constitúe unha fiestra útil hacia a mente animal".

Vargas Pérez, H. e Díaz, J.L.; *O enigma da mente animal*

1. Cal é a idea fundamental do texto?
2. Ao afirmar que a linguaxe dos primates permite comunicar pensamentos sinxelos, está cuestionando o carácter singular da linguaxe humana ?
3. Que parece ter de específico a linguaxe humana?

SOLUCIONARIO

ACTIVIDADE 1

1. Cal é a idea fundamental do texto?

"se non é posible atopar en cada home unha esencia universal que constitúa a natureza humana, existe, sen embargo, unha universalidade humana de condición"

2. Que se entende por condición humana?

Un conxunto de acontecementos biolóxicamente determinados que son comúns ás vidas humanas (estar arroxado no mundo, ter que traballar, vivir no medio dos demáis, ser mortal). Tal como se expresa no texto, "o conxunto dos límites a priori que bosquexan a situación fundamental dos sers humanos no universo"

3. Por que considera Sartre que non hai unha natureza humana?

Porque para él, o ser humano é na súa orixe algo indeterminado (esa indeterminación sería incompatible coa existencia dunha naturaza fixa); son as nosas decisións e as nosas eleccións o que van determinando o que somos.

ACTIVIDADE 2

Temos un corpo ou somos un corpo? Diferencia o tipo de resposta que a esta pregunta darían os defensores das teses monistas e os que defenden unha posición dualistas dualista con respecto ao tema da relación mente-cerebro. Resume despois as posicións actuais máis significativas con respecto ao problema.

Os defensores das teses dualistas responderían que "temos un corpo", xa que o cerebro e a mente (corpo e mente) son "cousas" diferentes. Os monistas responderían que "somos os corpo", xa que sosteñen que cerebro e mente son unha única e a mesma "cousa" (unha única substancia básica),

Nos últimos tempos, asistimos a un certo auxe das posturas monistas, debemos considerar certas propostas dualistas, como a defendida por John Eccles e, con algunhas variantes por Karl Popper: **O dualismo interaccionista**

Según Eccles, o cerebro non é unha estrutura o suficientemente complexa para dar conta dos fenómenos relacionados coa conciencia, polo que compre admitir a existencia autónoma dunha mente autoconsciente distinta do cerebro, entendida como unha realidade non material nin orgánica que exerce unha función superior de interpretación e control dos procesos neuronais, seleccionando as informacións procedentes de multitude de centros cerebrais e integrándoos nun todo unitario.

Entre as posicións monistas, cabe destacar:

a) **o funcionalismo psicológico** (defendido por H. Putnam e J. Fodor) , que **c**onsidera que a mente consiste nunha serie de estados funcionais dependentes da súa base material. É dicir, iso que chamamos a mente non é outra cousa que o funcionamento dun sistema físico (o cerebro) e, por tanto, non cabe establecer ningunha diferenta cualitativa entre cerebro e mente.

b) o emerxentismo (defendido por Mario Bunge ou J. Searle), que considera que os estados de conciencia son fenómenos producidos por determinados procesos físicos, pero que non se poden confundir con eles. Omental non se reduce ao físico, aínda que emerxe evolutivamente do físico. O cerebro é concebido como un biosistema que ten dous tipos de propiedades: as resultantes, que as posúe algún membro do sistema, e as emerxentes, que pertencen ao sistema no seu conxunto. Así, unha soa célula nerviosa non pensa, nin sinte, nin ve… pero o conxunto das células que constitúen un sistema, poden producir o psíquico ou mental.

ACTIVIDADE 3

1. Cal é a idea fundamental do texto?

"A comunicación animal é completamente suficiente para comunicar pensamentos sinxelos" (…) "Por tal motivo tense proposto que a interpretación crítica da comunicación animal constitúe unha fiestra útil hacia a mente animal"

2. **Ao afirmar que a linguaxe dos primates permite comunicar pensamentos sinxelos, está cuestionando o carácter singular da linguaxe humana ?**

Non parece que isto se cuestione no texto, dado que indica que "aínda que (a comunicación animal) non se compara cos notables alcances da linguaxe humana. Sen embargo, non hai nada no texto que indique que non se admita que as diferentas sexan só de grao

3. Que parece ter de específico a linguaxe humana?

Aínda que, como se indica no texto, algúns investigadores suxiren que a linguaxe dos primates mostra evidencias de formación de conceptos, de sintaxe e aínda de semántica nun sentido ampio, a gran diferenza que existe entre o nivel sintáctico ao que poden cegar determinados chimpancés especialmente entrenados e a complexa capacidade recursiva da sintaxe propia da linguaxe humana, permite concluír que a entre a linguaxe humana e os sistemas de comunicación animal, non hai únicamente unha continuidade, senón que cabe falar de ruptura.

Parece que non hai dúbida de que a estrutura fisiolóxica que fai posible a fala, supuxo unha transformación que afectou exclusivamente á especie humana. Ademáis, a relación linguaxe-pensamento, non se da en ningunha especie coma nos humanos contacto a linguaxe e o pensamento (aínda asumindo a hipótese que se manexa no texto, de que a comunicación animal podería comunicar "pensamentos" sinxelos)

Precisamente o lingüista Noam Chomsky pensa que a aparición da capacidade lingüística do ser humano debeu ter lugar nun momento en que atopándose xa en posesión da capacidade mental, douse un reacomodo do cerebro que permitiu poñer en contacto estruturas cerebrais que antes funcionaban separadas (linguaxe e pensamento). Sería neste momento cando se produciu a ruptura evolutiva, o verdadeiro salto emerxente que dotou ao cerebro de propiedades que antes non poseía e convertiuse na dotación esencial e específica da especie humana.